



▶ ADOITA SER MÁIS FRECUENTE EN VACAS DE LEITE, APARECE DE FORMA ESPORÁDICA OU EN FORMA DE BROTE E OS CONTAXIOS PODEN CHEGAR A AFECTAR A UNHA PORCENTAXE ELEVADA DE ANIMAIS

O flegmón interdixital

Nesta nova entrega dedicada á saúde das patas das nosas vacas, explicamos polo miúdo en que consiste esta doenza e ofrecemos algúns consellos para a súa prevención e o seu tratamento.



José María García Nieto
Presidente da APPB

O flegmón interdixital ou padadizo defínese como unha infección necrótica aguda ou subaguda da pel interdixital das vacas que se estende aos tecidos subxacentes, o que provoca unha celulite interdixital. É unha enfermidade de tipo infeccioso, moi dolorosa, que, se non é tratada a tempo, pode chegar a ser crónica e afectar as estruturas internas, causando nelas graves danos que non terán solución.

Provocado por bacterias, estas aproveitan lesións na pel do espazo interdixital (erosións, cortes, picadas...) que lles permite a invasión, o que causa a inflamación e a consecuente necrose dos tecidos se a nosa actuación non é o suficientemente rápida.



Adoita ser máis frecuente en vacas de leite, aparece de forma esporádica ou en forma de brote e os contaxios poden chegar a afectar a unha porcentaxe elevada de animais. Os factores de risco son, entre outros, a calor, a humidade, a sucidade nos patios,

as abrasións ou a falta ou mal uso do pediluvio. Coa calor adoitan aumentar os casos, debido ao caldo de cultivo perfecto que temos coa mestura calor-humidade. Como sabemos, nestas condicións as bacterias multiplícanse rapidamente e crean un ambiente extremadamente perigoso, así como a maceración da pel debido á mesma circunstancia, o que provoca erosións (vías de entrada). O tratamento é anti-biótico (sempre baixo prescrición veterinaria) e local: limpeza da interdixital, desinfección, spray e vendaxe.

A **prevención** é a parte na que máis ímpeto debemos poñer, pois aforraranos moito diñeiro: a limpeza dos patios, a cama seca, boa ventilación e, en especial, o pediluvio, pois este último xoga un papel moi importante, xa que é o encargado de manter a pel sa e así previr defectos nela para evitar a penetración das bacterias.

O obxectivo do uso do pediluvio é sempre a prevención, nunca a curación, pois, unha vez que teñamos o flegmón, non seremos capaces de reverter esta situación con este, senón que mesmo pode ser contraproducente segundo o tipo de produto que usemos; dese modo, debemos evitar que pasen por el e tamén é aconsellable mantelas illadas para evitar posibles novos contaxios.

► UNHA DETECCIÓN TEMPERÁ DAS ENFERMIDADES É FUNDAMENTAL PARA UNHA RÁPIDA ACTUACIÓN QUE NOS FACILITARÁ A CURACIÓN

Unha **detección temperá** da enfermidade é fundamental para unha rápida actuación que nos facilitará a curación; canto antes tratemos o animal, mellor resultado obteremos, porque é cuestión de horas pasar de leve a grave e, por último, crónico e difícil ou imposible de curar. Para isto témonos que fixar nos signos evidentes que caracterizan a enfermidade.

Nas primeiras horas xa aparece a inchazón na interdixital, que rodea toda a coroa simetricamente, e o seu arroibamento, sobre todo na parte posterior enriba dos talóns; despois, xa pasa á apertura da pel interdixital e ao mal cheiro. ■

As perdas son cuantiosas se a prevención non é boa para evitalo:

- A baixada repentina da produción
- Perda de masa corporal
- Infertilidade
- Tratamento antibiótico
- Tratamento local: limpeza, desinfección, vendaxe

Todo isto suma perdas significativas. Hai estudos que as sitúan por enriba dos 250 euros por caso



Nas primeiras horas xa aparece a inchazón na interdixital, que rodea toda a coroa simetricamente, e o seu arroibamento, sobre todo na parte posterior enriba dos talóns; despois, xa pasa á apertura da pel interdixital e ao mal cheiro

RAYADO Y PICADO de pasillos de establos

Marcos Villamide:
626 096 129

